



Concello de Boiro

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 3 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL (FUNCIONARIO/A DE CARREIRA)

ACTA DA SESIÓN DO 08/11/2021

Presidente: José Manuel Álvarez López.

Secretaria: Montserrat Torrado Tarela.

Vogal 1: José Luís Caamaño Domínguez.

Vogal 2: Juan Manuel Maneiro Paz.

Vogal 3: M^a José Fraga Bello

Colaborador: Martín Blanco Buceta

O obxecto desta sesión é a asignación dos resultados finais do cuarto exercicio da oposición (probas psicotécnicas) e a convocatoria para a realización do quinto exercicio da oposición (probas médicas).

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada 28/10/2020, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 193 do 13/11/2020.

Na acta da sesión deste tribunal de data 27/10/2021, publicada con data 28/10/2021 constan os resultados provisionais do cuarto exercicio da oposición (proba psicotécnica).

1.- RATIFICACIÓN DOS RESULTADOS DO CUARTO EXERCICIO DA OPOSICIÓN (PROBAS PSICOTÉCNICAS).

Rematado o prazo outorgado para a posible presentación de alegacións ós resultados do cuarto exercicio da oposición, non figura presentada ningunha alegación, polo que se ratifican os resultados outorgados na sesión de data 27/10/2021.

2.- CONVOCATORIA PARA O 5º EXERCICIO DA OPOSICIÓN (PROBAS MÉDICAS).

2.1.- O tribunal acorda, por unanimidade, **convocar ás persoas aspirantes** que resultaron aptas na cuarta proba deste proceso selectivo **para a realización do quinto exercicio** da oposición (probas médicas), que se realizará o vindeiro 16/11/2021 nas instalacións de CUALTIS SLU, sitas na Rúa Vimieiro número 16 – BAIXO CP 15930 de Boiro, en chamamento único e de conformidade co seguinte detalle:

APELIDOS E NOME	HORA
ALONSO GOMEZ ALBERTO	09:30 h.
BEA NEIRA DANIEL	09:30 h.
CAAMAÑO GALLARDO ELVIS	09:45 h.
CUESTA VAZQUEZ EUSEBIO	09:45 h.
GARCIA COUSO HUGO	10:00 h.



Concello de Boiro

JIMENEZ BORJA JOSÉ	10:00 h.
MALVIDO MENDUIÑA ADRIAN	10:15 h.
REGUEIRO OTERO BERNARDINO	10:15 h.
RIVERA VALVERDE ISMAEL	10:30 h.
RODRIGUEZ RODRIGUEZ PABLO	10:30 h.
SALGADO MORADO SANTIAGO	11:00 h.
SANCHEZ BALADO DAVID	11:00 h.
VILLAVERDE DOBAL JUAN MANUEL	11:15 h.

2.2.- O recoñecemento médico será efectuado por persoal facultativo especialista e o seu fin é garantir que as persoas aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a.

Para os efectos da exclusión da persoa aspirante, terase en conta o seguinte:

a) Obesidade-delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

b) Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

Para o non previsto nas bases acudírase ó cadro de exclusións médicas para o ingreso no Corpo Nacional de Policía.

2.3.- As condicións nas que terán que comparecer as persoas aspirantes ao recoñecemento son as seguintes:

1. Para a extracción de sangue debe acudir en xaxún. Mínimo de catro horas. Poden beber auga. Se padece Diabetes Mellitus debe comunicalo ao chegar.
2. No centro facilitaráselle un recipiente para recoller a mostra de orina.
3. É necesario que achegue un informe médico informando se ten algún diagnóstico establecido e/ou tratamento. Pode tomar a súa medicación habitual con auga.
4. Se padece algunha enfermidade crónica ou tivo algunha enfermidade importante, aporte a información médica correspondente.
5. Se emprega lentes, é necesario levalas ao recoñecemento médico.
6. Recoméndase acudir ca súa cartilla vacunal.
7. Se ten certificación de discapacidade dalgún tipo debe achegar a documentación..



Concello de Boiro

As persoas aspirantes que teñen que realizar esta proba deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade, a xuízo do tribunal.

E non habendo máis asuntos que tratar, acórdase dar publicidade á presente acta de conformidade co previsto nas bases de selección que regulan o proceso selectivo, do que eu como secretaria do tribunal dou fe.

José Manuel Álvarez López.

Montserrat Torrado Tarela.

José Luís Caamaño Domínguez.

Juan Manuel Maneiro Paz.

M^a José Fraga Bello